

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 30 de abril de 2020
Hora: 9:00h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Julia González Álvarez
Óscar Rodríguez Figueiras
Francisco Fernández Rivera
Felipe Gago Couso
David López Vilariño
Francisco Omil Prieto
Anuska Mosquera Corral
David Losada Carril
Tomás Fernández Pena
Pedro Saco López
Juan Carlos Pichel Campos
Mª Carmen Palacios Oubiña

Xustifican a súa ausencia:

1. Aprobación das modificacións das guías docentes dos Graos ao abeiro da Resolución Reitoral de 23 de marzo e o acordo de Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.

As Guías Docentes foran modificadas en dúas fases, primeiro na parte de contidos, planificación e bibliografía e recentemente na parte de avaliación. Estas modificacións foran aprobadas polos respectivos Consellos de Departamento e onte 29/04 polas Comisións Académicas.

Temos un 52% de materias do Grao en Enxeñaría Informática que farán só Avaliación Continua, e un 32% no Grao en Enxeñaría Química. No resto das materias combínase a avaliación continua cunha proba final con porcentaxes variables de contribución á cualificación final.

Coméntase a situación dos Másters, que é semellante, con sistema baseado na Avaliación Continua entre 36% (Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos) ata o 100% (Máster en Computación de Altas Prestacións) das materias.

Non habendo alegacións, fican aprobadas as modificacións de Guías Docentes do GrEQ e GrEI.

2. Aprobación dos calendarios de exames de segundo cuatrimestre e segunda oportunidade para as titulacións de Grao, modificados ao abeiro do acordo de Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.

Os novos calendarios de exames do GrEQ e GrEI foran enviados aos coordinadores e avaliados nas respectivas comisións. Coméntase a proximidade do exame de Proxectos e Deseño de Instalacións (4º do GrEQ) do fin do período de avaliación da segunda oportunidade, sendo unha materia do 4º curso. Trócase ese exame para o venres 10/07, de modo que se facilite a defensa do TFG de ser o caso.

Sen máis alegacións, apróbanse os calendarios con esa modificación.

3. Aprobación do novo calendario de defensa de Traballos fin de Grao.

O novo calendario de entrega, defensa e revisión de TFG e TFM foi consensuado entre os coordinadores e comisións de Grao e Máster da ETSE. Foi consensuado facer todo o proceso de xeito virtual/telemático (entrega, defensa e revisión), se ben que a situación en Setembro aínda non se pode prever.

A opción de facer a defensa/avaliación só co titor non se contempla en ningún título.

Os novos calendarios son aprobados sen modificacións.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 10:00 h.